

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 11 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica o acordo da Mesa Sectorial sobre os prazos de execución do concurso de traslados aberto e permanente (ciclo correspondente ao ano 2024) de cinco especialidades de persoal facultativo especialista de área.

Na Mesa Sectorial de negociación do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o 22 de decembro de 2023, os/as representantes da Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CSIF, CC.OO. e UGT acadaron un acordo sobre os prazos de execución do concurso de traslados aberto e permanente (ciclo do ano 2024) do persoal facultativo especialista de área das especialidades de cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, inmunoloxía e oncoloxía radioterápica.

Para o seu xeral coñecemento e efectividade,

RESOLVO:

Publicar o referido acordo no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

Acordo da Mesa Sectorial sobre os prazos de execución do concurso de traslados aberto e permanente (ciclo do ano 2024) do persoal facultativo especialista de área das especialidades de cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, inmunoloxía e oncoloxía radioterápica

No ámbito do Servizo Galego de Saúde, os últimos nomeamentos de persoal estatutario fixo da categoría de facultativo/a especialista de área (FEA) realizáronse mediante as seguintes resolucións:

1. Resolución do 27 de setembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 189, do 4 de outubro): nomeamentos das especialidades de cirurxía ortopédica e traumatoloxía, e medicina interna.



2. Resolución do 30 de novembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 234, do 12 de decembro): nomeamentos de máis de trinta especialidades.

3. Resolución do 26 de maio de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 105, do 5 de xuño): nomeamentos das especialidades de cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, inmunoloxía e oncoloxía radioterápica.

En aplicación do artigo 28.2 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e das bases xerais do concurso de traslados aberto e permanente aprobadas pola resolución deste centro directivo do 20 de novembro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 227, do 29 de novembro), o novo persoal fixo destas últimas cinco especialidades, a diferenza do demais persoal facultativo especialista recentemente nomeado, non podería participar no concurso de traslados aberto e permanente ata o ciclo anual do ano 2025, pois no correspondente ao ano 2024 non cumpriría o requisito de ter tomado posesión da praza desempeñada coa antelación mínima dun ano respecto ao 15 de xaneiro (base 2.1.1., en relación coas bases 3.4 e 4.1.).

Esas bases do procedemento de concurso de traslados aberto e permanente foron recentemente modificadas pola resolución desta dirección xeral do 25 de abril de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 86, do 5 de maio), no sentido -entre outros- de poder modificar motivadamente, logo de acordo da Mesa Sectorial, o inicio do ciclo anual de adxudicación e o prazo de presentación de solicitudes.

Con base no que antecede, coa finalidade de que o novo persoal fixo das anteditas cinco especialidades teña as mesmas posibilidades de traslado no ano 2024 ca o resto do novo persoal fixo da categoría de facultativo especialista de área, e xa que se trata de cinco especialidades con poucas prazas vacantes e persoas con expectativas de traslado – polo tanto, dun concurso de traslados de doada execución –, acórdase o seguinte:

Primeiro. Para as especialidades de cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, inmunoloxía e oncoloxía radioterápica, o inicio do ciclo anual do concurso de traslados aberto e permanente, correspondente ao ano 2024, adíase ao 5 de xullo. Ese mesmo día será o último do prazo para presentar solicitudes e a data límite de cumprimento e acreditación dos requisitos de participación.

Segundo. Nos demais particulares do desenvolvemento do proceso manteranse os prazos previstos con carácter xeral, con excepción daqueles que resulten necesariamente afectados pola modificación do prazo de presentación de solicitudes.



En consecuencia:

- a) Valoraranse os méritos causados ata o 15 de decembro de 2023.
- b) A data de finalización para o cómputo de prazas que se oferten será o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo da oferta de prazas susceptibles de seren adxudicadas en resultas.
- c) A oferta de destinos realizarase na mesma resolución que aprobe a oferta das demais especialidades (consonte as bases xerais, no primeiro trimestre do ano).
- d) Os méritos poderán rexistrarse en Fides/expedient-e, e acreditarse documentalmente, ata o 5 de xullo de 2024.
- e) Ata esa mesma data –5 de xullo de 2024– a persoa concursante poderá desistir da súa solicitude ou modificar a súa selección de prazas. Só se admitirá a última modificación que se presente ata esa data.

